

## Os primeiros días na FFT

### Guía básica 2020-2021

A continuación resúmense os aspectos máis salientables do primeiro día de clase e do plan de prevención da nosa facultade fronte á COVID-19.

1. O día 21, ás 12 horas, o estudantado de primeiro tera a súa xornada de acollida cunha charla coloquio que terá lugar no Salón de Actos da facultade. O estudantado permanecerá na súa aula e seguirá o coloquio vía *streaming*. O resto poderá seguir o coloquio a través da seguinte dirección web: <https://tv.uvigo.es/live/5b60870c8f4208dd20625884>
2. Nesta xornada (Grao en Tradución e Interpretación) e o día 22 (Graos en Linguas Estranxeiras e Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios), o estudantado de primeiro recibirá na aula información dos planos de estudo e de acción tutorial. Podedes consultar a información no seguinte enlace: <http://fft.uvigo.es/gl/estudantes/xornadas-de-acollida/>
3. Se tes síntomas compatibles coa COVID-19, lembra que debes quedar na casa e facer o protocolo establecido polos servizos sanitarios.
4. Debes utilizar sempre o mesmo posto na aula. Os postos que poden ser utilizados están sinalizados cun adhesivo de cor verde. Ao chegar o primeiro día deberás escribir o teu nome con bolígrafo nun dos adhesivos brancos que haberá en cada un dos postos. Pregámosche que non movas as cadeiras ou mesas e que non compartas o teu material.
5. Ao entrar nas aulas, atoparás un código QR nas filas de asentos. Debes utilizalo para que quede constancia das persoas están a ocupar a aula.
6. Ao entrar e saír da clase, deberás desinfectar o teu posto cos panos de papel e o desinfectante virucida que estará dispoñible en cada aula. Nas salas informáticas utilizarás un film transparente para cubrir o teclado e outro para o rato antes de o manexar; Ao final da clase tirarás o film na papeleira. É obrigatorio desinfectar o posto (teclado e rato incluídos) antes e despois de usalo.
7. Lembra que é moi importante lavar as mans con frecuencia con auga e xabón durante máis de 40 segundos ou utilizar o xel hidroalcohólico situado nas portas de acceso aos edificios, en todas as aulas e nos corredores. É obrigatorio facelo á entrada e saída dos pavillóns e das aulas.
8. É obrigatorio o uso de máscara en todas as dependencias do centro. Tamén é obrigatorio o seu uso nas aulas. Debes manter unha distancia mínima de 1,5m coas outras persoas, tamén ao entrar e ao saír da aula.
9. Na porta dos aseos estará marcado o aforo máximo. Pregámosche que, antes de entrar, te asegures de que este aforo non se supera.

10. Leva sempre contigo un número de teléfono dun familiar próximo, co fin de podelo localizar en caso de que presentes síntomas compatibles coa COVID-19.

A aula B14 é a sala COVID onde te levaremos en caso de que presentes síntomas compatibles coa COVID-19. En primeiro lugar, contactarase coa persoa responsable, o decano José Montero Reguera (tel. 647343170). Avisarase á túa familia de que debe contactar co seu centro de saúde ou co teléfono de atención á COVID-19 (900400116). Se a persoa presenta dificultade para respirar ou se detecte unha situación grave, avisarase ao 112.

11. As portas e os corredores teñen sinalizadas a dirección da marcha e as preferencias. Deberás respectar esta sinalización. Debes camiñar polo teu lado dereito, mantendo unha distancia de seguridade de 1,5m co resto dos viandantes. Evita formar grupos, tamén nas zonas comúns dos pavillóns.
12. Calquera consulta ao equipo decanal realizarase mediante correo-e. De ser preciso facelo de xeito presencial, solicitarase cita previa:
  - a. Decano: [fft.decan@uvigo.es](mailto:fft.decan@uvigo.es)
  - b. Vicedecano de Organización Académica: [fft.organizacion@uvigo.es](mailto:fft.organizacion@uvigo.es)
  - c. Vicedecana de Calidade: [fft.calidade@uvigo.es](mailto:fft.calidade@uvigo.es)
  - d. Vicedecana de Relaciones Internacionales: [fft.internacional@uvigo.es](mailto:fft.internacional@uvigo.es)
  - e. Vicedecana de Comunicación, Captación e diversidade: [fft.comunicación@uvigo.es](mailto:fft.comunicación@uvigo.es)
  - f. Secretario: [fft.secretari@uvigo.es](mailto:fft.secretari@uvigo.es)